



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO ESTUDO 2025

PRIMEIRA.- Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases, a regulación da convocatoria publica do Concello de Monfero para a tramitación e concesión de axudas municipais ao estudo para o curso 2024/2025, no ámbito da competencia propia que lle recoñece o art. 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa finalidade de velar para que os cidadáns no caian en situacións de risco ou de exclusión social e colaborar tamén cos que se atopen nesta situación, mediante a concesión de axudas as familias deste municipio para afrontaren os gastos derivados da realización dos estudos dos seus fillos e fillas.

SEGUNDA.- Orzamento

O crédito que se destina a este programa, que se financiara con cargo a partida 2025.231.48200 é de 10.000,00€, e se ampliara ata os 12.000,00€ no caso de que resulte aprobado así no orzamento do Concello de 2025 ou no Plan POS para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025 e se inclúa nel esta diferenza.

A aprobación destas axudas e convocatoria, queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal no momento da resolución de concesión. Consonte co anterior, no se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

TERCEIRA.- Gastos subvencionables



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Gastos derivados da compra de material escolar, libros de texto, actividades escolares e de estudo, roupa, calzado, gastos de transporte, material deportivo, hixiénico, desinfectante e de protección, equipamento e material informático e similares.

CUARTA.- Persoas beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas todos os estudantes que reúnan os seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Monfero e ser fillo/a de pais ou nais que tamén o estean (polo menos un deles) con anterioridade a finalización do prazo de presentación das solicitudes desta convocatoria. Ter menos de 24 anos de idade e non exercer ocupación ou traballo remunerado.
- Cursar estudos de Educación Infantil, Primaria, Educación Especial, ESO, Bacharelato, Formación Profesional, ciclos formativos ou estudos universitarios.
- Pertencer a unha unidade de convivencia, cuxos rendementos de traballo, actividades e capital, nos termos do modelo de declaración do IRPF correspondente ao ano 2023 (suma das casiñas 435 “Base imponible xeral” e 460 “Base imponible do aforro menos a cota resultante da autoliquidación 595), non superen a cantidade de 18.000,00 €, mais 900,00 € para cada membro que a integre, ou ben que non tiveran formulado tal declaración por non acadar os seus ingresos o mínimo esixido para presentala con carácter obrigatorio.
- Designar unha conta de correo electrónico habilitada para as notificacións e para as relacións co Concello. Poderase eximir deste requisito nos casos extremos nos que así se solicite e se xustifique polas persoas interesadas e se acorde pola Xunta de Goberno Local.
- Pola natureza das axudas ou subvencións aplícase a excepción prevista no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

de Galicia, en relación cos requisitos para obter a condición de beneficiario.

- Para os efectos de dar traslado a axencia tributaria das axudas concedidas tomarase como beneficiario/a o/a representante legal do/da menor co seu correspondente numero de identificación.

QUINTA.- Solicitudes

As solicitudes presentaranse preferentemente na sede electrónica do Concello de Monfero (<https://sede.monfero.es>) ou, de non resultar posible, no Rexistro de Entrada do Concello, no prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, a través da Base de Datos Nacional de subvencións (BDNS), no modelo oficial que se xunta como ANEXO I e que se poderá obter na dita sede electrónica e nas oficinas municipais. tamén poderán presentarse mediante as formas previstas no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de presentaren a solicitude nun lugar distinto da Sede electrónica ou do Rexistro do Concello de Monfero, deberan as persoas interesadas remitir por fax unha copia da instancia ao numero 981 793804 ou ben ao enderezo electrónico correo@monfero.es, nas 24 horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ámbolos requisitos non será admitida a solicitude se chega fóra de prazo.

SEXTA.- Documentación

As solicitudes (ANEXO I) deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do/a solicitante (menor ou maior de idade) e do pai, nai ou titor cando aquel sexa menor de idade.
- Libro de familia.
- Fotocopia do resgardo da matrícula do curso 2024/2025.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- Fotocopia da declaración da renda do ano 2023 de todos os membros computables da unidade familiar. No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentárase certificado de estar exento de facela, no que tamén consten os datos sobre os ingresos que posúe e Axencia Tributaria (AEAT) e declaración xurada dos ingresos obtidos pola unidade de convivencia no ano 2023, achegando fotocopia de todos e cada un dos documentos acreditativos correspondentes.
- Documento acreditativo das cualificacións académicas obtidas no curso 2023/2024.
- Certificación do número de conta bancaria ou fotocopia da libreta bancaria do solicitante ou representante, á que se lle transferirá a cantidade que se conceda. O número de conta bancaria debe conter o código IBAN.
- Certificado de discapacidade, recoñecemento da situación de dependencia e/ou documento que certifique ser titular de pensión de incapacidade permanente, se a persoa solicitante se encontra nalgunha destas situacións.
- Certificado que acredite a situación de desemprego durante máis de 6 meses durante o ano 2024, se fora o caso.
- Sentenza xudicial e convenio regulador no caso de pais separados ou divorciados.
- Documentación acreditativa que xustifique a situación regular de menores en acollemento familiar ou permiso de convivencia.
- Declaración de outras axudas para a adquisición de libros de texto.

A composición da unidade de convivencia, o empadroamento e a convivencia comprobaranse de oficio polo Concello.

De se presentaren varias solicitudes por unha mesma familia, a documentación común se acompañará soamente á solicitude do fillo/a maior, facéndoo constar nas demais.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

De conformidade co art. 53 d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, se os documentos solicitados nos apartados anteriores estiveran en poder deste Concello, o solicitante non terá que achegalos de novo, debendo indicalo na súa solicitude.

No caso de solicitudes defectuosas, concederáse un prazo de 10 días para a emenda de deficiencias, entendéndose desistidas da súa solicitude as persoas afectadas e arquivándose estas sen mais tramites cando non se emenden os erros ou omisións. O requirimento de documentación realizarase polo órgano instrutor do procedemento no prazo máximo de 10 días desde que lle sexa distribuída a solicitude desde o Rexistro de Entrada do Concello.

SÉTIMA.- Criterios de valoración

Os criterios para a valoración e concesión das axudas son os que se especifican no baremo que aparece a continuación, distribuíndose o crédito en proporción a puntuación total obtida por cada solicitante, cun máximo de 400,00€ por cada estudante de infantil, primaria e secundaria, e con 600,00€ para os demais, de acordo co seguinte:

7.1 Capacidade económica da unidade de convivencia

Para determinar a capacidade económica calcularase a renda per cápita da unidade de convivencia en función dos rendementos de traballo, actividades e capital, nos termos que figuran na declaración do IRPF do ano 2023 e que se valorará coa suma das casañas 435 e 460 desta menos a cota resultante da autoliquidación 595.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, computará por dous cada fillo ou filla que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% ou que teña reducida a súa capacidade de traballo nun grao equivalente ó da incapacidade permanente absoluta ou gran invalidez



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

7.2 Membros computables

- a) Considerarase membro computable da unidade de convivencia os pais non separados legalmente e, no seu caso, o titor/a ou a persoa encargada da garda e protección do/a menor, o/a solicitante, os irmáns con discapacidade recoñecida, que convivan no domicilio familiar ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada, e os irmáns menores de idade, con excepción dos emancipados, e os irmáns solteiros/as menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- b) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os fillos dos pais que convivan con eles e que reúnan os requisitos citados anteriormente. A convivencia comprobarase de oficio polo Concello mediante o Padrón Municipal de Habitantes.
- c) No caso de familias monoparentais en que conviva un só proxenitor ou titor/a co alumno/a, deberá acreditarse documentalmente esta circunstancia. No caso de divorcio ou separación legal dos pais non se considerará membro computable aquel que non conviva co alumno/a. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.
- d) No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase mediante certificado de defunción ou fotocopia do libro de familia onde figura esta circunstancia.
- e) A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que a determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.
- f) No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, computará o 50% da suma das rendas de ambos proxenitores.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- g) Nos casos especiais en que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido no punto 7.2. destas bases, deberá achegarse ademais o informe dos servizos sociais do municipio que acredite tal extremo.
- h) Nos supostos en que o solicitante da axuda sexa un menor en situación de acollemento, será de aplicación á familia de acollida o disposto nos parágrafos anteriores.
- i) Nos casos de violencia de xénero, no ámbito familiar quedarán excluídos no cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental. A acreditación da situación da violencia de xénero realizarase polos medios establecidos no artigo 5 da Lei 11/2007 de 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

7.3 Familias de especial consideración

Considéranse familias de especial consideración as que establece a Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que ser terán en conta para a baremación serán as seguintes:

- Familias Numerosas.
- Familias Monoparentais.
- Familias Con Persoas Maiores A Cargo (Rendas Inferiores ao IPREM).
- Familias Con Persoas Dependentes A Cargo.
- Familias Con Persoas Con Discapacidade A Cargo (ascendente ou descendente cun 33% de discapacidade con rendas inferiores á cantidade fixa na lexislación do IRPF).
- Familias Acolledoras.

Cando coa unidade familiar, determinada no punto 7.2, convivan outras persoas e así se alegue polo solicitante, tamén se comprobará de oficio polo Concello e deberán acreditalo segundo os casos:



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

- **As familias con persoas con discapacidade** a cargo con rendas inferiores á cantidade fixada na lexislación do IRPF presentarán o correspondente certificado de discapacidade e a acreditación da dita situación.
- **As familias con persoas maiores a cargo con rendas inferiores ó IPREM** acreditarán a situación económica da persoa maior.
- **As familias con persoas dependentes a cargo**, acreditarán a situación de dependencia co correspondente certificado da valoración da dependencia .
- **As familias numerosas** achegarán o **carné de familia numerosa**.
- **As familias monoparentais** achegarán o **certificado de familia monoparental**.

No resto dos casos acreditarase de forma suficiente.

Cando sexa posible, estas situacións comprobaranse de oficio polo/a traballador/a social do Concello.

7.4 Familias en situación de exclusión social ou risco de exclusión social

De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia.

No caso de non presentar documentación acreditativa desta situación, poderá realizarse a valoración dela pola traballadora social do Concello, tendo en conta as condicións recollidas na devandita lei.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

BAREMACIÓN

- **Capacidade económica, ata 10 puntos:** Outorgarase da seguinte forma:

INGRESOS ANUAIS PER CÁPITA	PUNTUACIÓN
Ata 1.000€	10
De 1.001€ a 1.700€	9
De 1.701€ a 2.400€	8
De 2.401€ a 3.100€	7
De 3.101€ a 3.800€	6
De 3.801€ a 4.500€	5
De 4.501€ a 5.200€	4
De 5.201€ a 5.900€	3
De 5.901€ a 6.600€	2
De 6.601€ a 7.300€	1

- **Número de membros, ata 5 puntos:** Outorgarase da seguinte forma:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	PUNTOS
Familias de 2 ou 3 membros	2
Familias de 4 membros	3
Familias de 5 membros	4
Familias de 6 ou máis membros	5

- **Transporte ao centro de estudos (excepto nos casos de transporte escolar gratuíto e primaria), 5 puntos:**

TRANSPORTE	PUNTOS
Con transporte gratuíto	0
Sen transporte gratuíto	5



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

– **Número de fillos/as estudando, ata 3 puntos:**

FILLOS/AS ESTUDANDO	PUNTOS
1	1
2	2
3 ou máis	3

– **Cualificación académica, ata 3 puntos:** O baremo da cualificación académica será o seguinte:

CALIFICACIÓNS	PUNTOS
Notas de sobresaínte ou notable	3
Notas de ben, P.A. e acada os	2
Notas de suficiente.	1
Resto de alumnos e aqueles que non	0

– **Circunstancias especiais, ata 55 puntos:**

CIRCUNSTANCIAS ESPECIAIS	PUNTOS
Familias de especial consideración	10
Familias en situación de exclusión	10
Familias con situacións de violencia	55

– **Situación laboral, ata 6 puntos:**

SITUACIÓN LABORAL	PUNTOS
1 pai/nai ou titor/a acredite a situación	3
Ambos pais ou titores acrediten a	6

Aquelas situacións que se recollen no baremo a aplicar, pero que non se acrediten documentalmente non serán valoradas.

OITAVA.- Procedemento

O órgano instrutor do procedemento será o/a Traballador/a Social do Concello.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

No prazo de cinco días hábiles desde que remate o prazo de presentación de solicitudes, se incorporara ao expediente electrónico certificación acreditativa das solicitudes presentadas no Rexistro de Entrada.

No prazo de vinte días hábiles desde que remate o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instructor do procedemento revisara as solicitudes presentadas e realizara a súa valoración, formulando informe con asignación da puntuación correspondente a cada solicitude, debidamente motivado, que debera expresar os solicitantes que cumpran os requisitos da convocatoria para os que se propón a concesión das axudas, así como as solicitudes que se propón desestimar, as desistidas e as non admitidas a tramite. Este informe, fiscalizado pola Intervención municipal conforme a normativa reguladora do control interno, someterase á avaliación da Comisión Municipal de subvenciones, integrada polos membros da Xunta de Goberno Local e o/a Traballador/a Social, que emitira informe de avaliación con indicación da contía que corresponde conceder a cada solicitante.

En función da puntuación correspondente a cada solicitude, dos informes e propostas aos que anteriormente se fixo referencia e, dentro do límite do crédito dispoñible, o órgano instructor realizara proposta de resolución provisional do expediente, que será sometida, previa fiscalización pola Intervención, a aprobación provisional pola Xunta de Goberno Local. O acordo desta publicarase no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, para os efectos de que, durante o prazo dos dez días hábiles seguintes presenten, se e o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que estimen oportunas. Se presentaran alegacións, deberan ser estudadas polo órgano instructor, que emitira informe - proposta que será remitido ao órgano interventor para a súa fiscalización, e con base nel, a Xunta de Goberno Local ditara acordo de resolución definitiva. No caso de non formular desistencia expresa, a subvención entenderase aceptada tacitamente. Se non se presentaran desistencias nin alegacións o acordo provisional quedara elevado automaticamente a definitivo.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

O acordo de resolución definitiva será publicado no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Monfero, situado na sede electrónica municipal do concello, www.concellodemonfero.com, surtindo esta publicación efectos de notificación.

A partir do día seguinte ao da notificación indicada no paragrafo anterior, comezara a contar o prazo de presentación, na sede electrónica ou no Rexistro de Entrada do Concello, da conta xustificativa dos gastos cos seu xustificantes (facturas ou documentos acreditativos dos gastos substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do Real Decreto 1496/2003 representativos dos gastos realizados), sendo obrigada a relación do material adquirido e das axudas concedidas, e rematará no prazo dun mes. Esta prazo poderíase prorrogar por un máximo doutro mes por acordo da Xunta de Goberno Local, nos casos en que se solicite e conste xustificación no expediente. Unicamente serán subvencionables os gastos que respondan de maneira indubidable a natureza da actividade subvencionada.

Aqueles solicitantes que declararon ter percibido outras axudas para a adquisición de libros de texto, non poderán presentar facturas deles para a xustificación destas axudas ao estudo.

As xustificacións serán aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local, previo informe do/a Traballador/a Social do Concello, procedendo seguidamente ao seu pagamento.

Os que non presenten a xustificación, ou desistan de forma motivada e por escrito, dentro do prazo establecido nestas bases, entenderase que desisten da súa solicitude, que se arquivara sen mais tramites.

NOVENA.- Publicidade e réxime de recursos

As presentes bases, despois de seren aprobadas pola Xunta de Goberno Local, publicaranse integramente no taboleiro de anuncios electrónico do



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Concello e no BOP, para que todos os interesados poidan examinalas e, no seu caso, presentar as súas alegacións ou reclamacións no prazo máximo de dez días hábiles a contar desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP.

As presentes bases e cantos actos administrativos firmes se deriven delas poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e nas formas previstas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas, comezando a contar os prazos para o efecto o día seguinte ao da súa publicación no BOP ou taboleiro de anuncios electrónico do Concello, segundo corresponda.

DÉCIMA.- Revogación e reintegro

O incumprimento do disposto nas presentes bases, a falsidade ou ocultación de datos, ou non cursar os estudos para os que se lle concedeu a axuda, determinara a revogación e reintegro da subvención, sen prexuízo de que polo Concello se exerciten as accións oportunas contra os responsables.

UNDÉCIMA.- Protección De Datos

En cumprimento co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), o Concello de Monfero con CIF P1505100F e enderezo en Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO (A Coruña) (en diante, o "Responsable do tratamento") infórmalle que os datos de carácter persoal que vostede nos facilita, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a tramitación e resolución da presente convocatoria de axudas ao estudo 2025. A recollida e tratamento dos datos está fundamentada no art.6.1 e) do RXPd: "en cumprimento de misión realizada en interese



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumplan as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. Os datos persoais que nos proporciona conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Monfero, no enderezo arriba indicado ou remitindo un correo a dpd@monfero.es

Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@monfero.es ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://monfero.es/politica-de-privacidade/>

Así mesmo, informámoslle que ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos se considera que se vulneraron os seus dereitos en relación co tratamento dos seus datos persoais.



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

(ANEXO I)

SOLICITUDE DE CONCESIÓN AXUDAS AO ESTUDO 2025

D/D ^a _____
con DNI _____, domicilio en _____
_____, código postal _____, teléfono/s _____, con enderezo electrónico _____, en nome propio ou en representación de _____, con data de nacemento do _____ e con DNI _____.

EXPÓN: Que tivo coñecemento da convocatoria de Axudas ao Estudo 2025 do Concello de Monfero para o curso 2024 – 2025 e que reúne os requisitos esixidos na mesma polo que,

SOLICITA: A concesión dos beneficios que se establecen na citada convocatoria, facendo constar:

- Que ten menos de 24 anos e non exerce ocupación nin traballo remunerado.
- Que está empadroadado/a, así coma os seus pais (ou un deles), no Concello de Monfero, e que ten residencia efectiva neste concello.
- Que a súa familia está composta por _____ membros (pais e aqueles fillos que non exerzan traballo remunerado).
- Que cursa estudos de _____ en _____.
- Que **sí** **non** usa transporte escolar gratuíto (marcar o que proceda).
- A distancia dende o seu domicilio ata o centro de estudos é de _____ km, (**especificar só no caso de que non se use transporte escolar gratuíto**).
- Que na súa unidade familiar atópanse estudando _____ fillos/as.
- Que declara que os datos facilitados son certos e sométese ás actuacións de comprobación e verificación de datos que considere oportunas o Concello.
- Que achega a documentación acreditativa do exposto e a restante esixida nas bases da convocatoria.
- Que **sí** **non** percibiu outras axudas para a adquisición de libros de texto.

Documentación que aporta, marcar cun “X” segundo corresponda:

DOCUMENTACIÓN	AUTORIZO A CONSULTA	APORTA	APORTADO EN CONVOCATORIA
---------------	---------------------	--------	--------------------------



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)


			ANTERIOR
Consulta datos padroais			
Certificado de discapacidade, recoñecemento da situación de dependencia e/ou documento que certifique ser titular de pensión de incapacidade permanente, se a persoa solicitante se encontra nalgunha destas situacións.			
Libro de familia.			
Resgardo da matrícula do curso 2024/2025.			
Documento acreditativo das cualificacións académicas obtidas no curso 2023/2024.			
Declaración de outras axudas para a adquisición de libros de texto.			
Declaración da renda do ano 2023 de todos os membros computables da unidade familiar. No caso de exención legal de presentar a Declaración da renda, presentárase certificado de estar exento de facela			
Certificado que acredite a situación de desemprego durante máis de 6 meses durante o ano 2024.			
Sentenza xudicial e convenio regulador no caso de pais separados ou divorciados.			
Documentación acreditativa que xustifique a situación regular de menores en acollemento familiar ou permiso de convivencia.			
Certificación do número de conta bancaria ou fotocopia da libreta bancaria do solicitante ou representante. O número de conta bancaria debe conter o código IBAN.			

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), o Concello de Monfero con CIF P1505100F e enderezo en Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO (A Coruña) (en diante, o "Responsable do tratamento") infórma que os datos de carácter persoal que vostede nos facilita, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a tramitación e resolución da presente convocatoria de axudas ao estudo 2025. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/as lexítimos/as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaçión legal aplicable ao responsable do tratamento" e/ou no art.6.1 e) do RXPd: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaçións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Monfero, no enderezo arriba indicado ou remitindo un correo a dpd@monfero.es. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@monfero.es ou consultando a Política de Privacidade na páxina web do Concello <https://monfero.es/politica-de-privacidade/>

Monfero, _____ de _____ de 20__

O/A solicitante

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANEXO II

XUSTIFICACIÓN AXUDAS AO ESTUDO 2025

D/D^a _____

con DNI número _____, e enderezo en _____

_____, con
teléfono _____.

Actuando en nome propio

Actuando en calidade de nai/ pai/ titor legal de: _____

EXPOÑO:

Que segundo o acordo de Xunta de Goberno Local do día _____ de _____ de 20____, teño concedida unha Axuda ao Estudo para o ano 2025 por un importe de _____ €, polo que

SOLICITO:


Que se admita a documentación que se xunta para os efectos de xustificación do gasto para tal fin.

Monfero, _____ de _____ de 20 _____

(Sinatura)

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), o Concello de Monfero con CIF P1505100F e enderezo en Rebordelo 1, San Fiz - MONFERO (A Coruña) (en diante, o "Responsable do tratamento") infórmalle que os datos de carácter persoal que vostede nos facilita, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente departamento de Servizos Sociais á cal vaia dirixida a presente solicitude coa finalidade de xestionar a tramitación e resolución da presente convocatoria de axudas ao estudo 2025. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local e aos/as interesados/ as lexítimos/ as para levar a cabo a Xestión Administrativa que vostede nos solicita. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) "o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaçión legal aplicable ao responsable do tratamento" e/ou no art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante este documento conservaranse durante o prazo necesario para o fin para o que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaçións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento, o Concello de Monfero, no enderezo arriba indicado ou remitindo un correo a dpd@monfero.es. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@monfero.es ou consultando a Política de Privacidade na páxina web do Concello <https://monfero.es/politica-de-privacidade/>

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONFERO



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Monfero, 23 de xaneiro 2025

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo